



A Xunta destina 75 millóns de euros a programas de cooperación que permitirán a contratación de 6.000 persoas, nos que se lles dará prioridade aos menores de 30 anos e parados de longa duración

- ▶ O orzamento destinado a este capítulo incrementábase en máis de 8 millóns, o que posibilitará a contratación de 1.000 persoas máis que o pasado exercicio
- ▶ “Acabamos de decidir, despois de chegar a un consenso na Mesa de Diálogo Social, que os mozos e os desempregados de longa duración teñan prioridade para o acceso á contratación de programas de cooperación que poñemos en marcha”, subliña Feijóo



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego na “Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia”

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou febreiro cun total de 248.279 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 2.448 parados

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, valorou en rolda de prensa os datos do paro correspondentes ao mes pasado
- ▶ Apuntou que o desemprego aumentou en todos os sectores, agás na agricultura e na pesca, onde descendeu en 99 persoas

Feijóo subliña o compromiso da Xunta de Galicia cos servizos sociais grazas á creación de 2.000 novas prazas públicas en centros de maiores durante os últimos dous anos

Sumario	Formación-emprego	2-4
	Informe do paro rexistrado	4
	Igualdade	5
	Seguridade e saúde laboral	6-7
	Familia e benestar	8-9
	Xuventude	10
	Breves e publicacións	11
	Normativa	12-20

Créditos	Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
	Coordinación:	Pepa Dabán Royo
	Maquetación:	Antonio Lameiro Ces



Galicia rexistrou 36.430 accidentes laborais en 2010, un 7,77 por cento menos que o ano anterior

- ▶ A sinistralidade laboral baixou en 2010 nas catro provincias e os sinistros mortais descendieron un 12,16 por cento
- ▶ O director xeral de Relacións Laborais e a directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral presentaron o Plan de Actividades para 2011, que foi aprobado pola Comisión de Goberno do ISSGA, integrado por Xunta, CEG e os sindicatos UGT, CCOO e CIG

75 millóns de euros a programas de cooperación



Alberto Núñez Feijóo na rolda de prensa tras a reunión do Consello

- Este orzamento permitirá a contratación de 6.000 persoas. Daráselles prioridade aos menores de 30 anos e parados de longa duración
- O orzamento destinado a este capítulo increméntase en máis de 8 millóns, o que posibilitará a contratación de 1.000 persoas máis que o pasado exercicio

Santiago, 17 de febreiro 2011.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou que o Goberno galego destinará 75 millóns de euros a fomentar 6.000 contratacións, entre as que se priorizará a

dous dos colectivos máis vulnerables ante a crise económica: os mozos menores de 30 anos e os parados de longa duración, tal e como se acordou no marco do Diálogo Social.

Segundo explicou o titular da Xunta na rolda de prensa posterior ao Consello, o Goberno galego abordou a resolución que establece os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos traballadores desempregados que serán contratados a través dos programas de cooperación para o ano 2011, como medida para combater o desemprego de longa duración e xuvenil.

"Acabamos de decidir, tal e como acordamos na Mesa do Diálogo Social, que os mozos menores de 30 anos e os desempregados de longa duración sexan os colectivos prioritarios para os programas de cooperación que poñemos en marcha este ano", avanzou Feijóo, remarcando que se trata de "priorizar" a estes colectivos dentro dun programa, explicou, que conta

cun investimento de 75 millóns de euros e prevé 6.000 contratacións, 1.000 máis que o pasado exercicio, e que experimentará un incremento orzamentario do 12,5% respecto ao anterior exercicio.

O presidente galego dixo ser consciente de estar nun escenario "de gran dificultade que a comunidade non pode solucionar en solitario", un escenario marcado polos "recortes da política activa de emprego a través dos presupostos do Estado", e no que o Goberno galego está a facer "un importante exercicio de responsabilidade e de priorización, dentro dos orzamentos que temos en materia de emprego".

Por iso, incidiu, "acabamos de decidir, despois de chegar a un consenso na Mesa de Diálogo Social, que os mozos e os desempregados de longa duración teñan prioridade para o acceso á contratación de programas de cooperación que poñemos en marcha".

A Xunta ultima no seo do diálogo social un plan de orientación laboral específico dirixido principalmente á mocidade

- A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, explicou que o obxectivo do programa é o acompañamento "continuo e permanente" na busca de emprego das persoas paradas para mellorar a súa empregabilidade
- A iniciativa tamén está destinada ás persoas que levan máis dun

Santiago, 24 de febreiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar está a ultimar un plan de seguimento específico para os mozos e mozas desempregados menores de 30 anos e para aquelas persoas que levan en paro máis dun ano sen ningún tipo de intervención por parte do Servizo Público de Emprego. O programa, que se está a pechar no seo do diálogo social, pretende desenvolver un acompañamento "continuo e permanente" deste colectivo na súa busca para atopar un posto laboral. Polo tanto, o obxectivo principal é mellorar a empregabilidade das

persoas desempregadas.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en comisión parlamentaria os puntos principais deste programa, que porá en contacto permanente aos desempregados cun orientador laboral para mellorar o seu perfil curricular. "Esta iniciativa servirá para facer unha atención minuciosa e especializada aos parados co obxecto de detectar principalmente se as persoas que buscan un emprego necesitan mellorar as súas habilidades para a súa inserción no mercado laboral", detallou a responsable do departamento autonómico.

ano no paro sen ningún tipo de intervención por parte do Servizo Público de Emprego

- A Xunta está a utilizar un código -o 698- "única e exclusivamente" para identificar a este colectivo que se incluírá neste seguimento personalizado

Para identificar a estas persoas que formarán parte do programa de acompañamento, a Xunta está a utilizar un código, concretamente o 698. Trátase dun código identificativo utilizado especificamente para este plan, que o Goberno galego porá en marcha en consenso coa patronal e os sindicatos. As Comunidades autónomas teñen potestade para utilizar estes códigos sempre que sexan identificativos, como é o caso.

Polo tanto, Díaz destacou que este código "non ten nada que ver" cos parámetros que se usan para computar as persoas desempregadas, xa que estes son "comúns e

homoxéneos" a todas as comunidades autónomas. Ao respecto, incidiu en que os criterios para contabilizar as cifras do paro rexistrado son iguais para todas as comunidades e indicou que, ademais, estes parámetros veñen fixados "única e exclusivamente" polo Estado, no Boletín Oficial do Estado (BOE).

En concreto, é a orde ministerial do 11 de marzo do 1985 a que establece os parámetros que determinan cales son as persoas desempregadas que se exclúen do cómputo do paro rexistrado.

Un total de 109 promotores de emprego darán atención personalizada a máis de 55.000 parados menores de 30 anos e a desempregados de longa duración



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ofreceu unha conferencia no foro de "Nueva Economía"
- ▶ A titular do departamento autonómico precisou que este programa vai dirixido aos demandantes de emprego menores de 30 anos, e a aqueles maiores de 30 que leven máis dun ano no paro sen ter recibido recursos do Servizo Público de Emprego

- ▶ Realizou un percorrido polas actuacións levadas a cabo ata o momento en materia laboral e destacou que a planificación destas accións persegue que Galicia "saia da crise cunhas estruturas laborais e sociais máis sólidas e estables"
- ▶ Mato fixo tamén un balance dos avances levados a cabo ata o momento en materia de política social

Santiago, 18 de febreiro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou que un total de 109 promotores de emprego –que se sumarán aos 167 orientadores da rede xa existentes na actualidade- dedicaranse de forma prioritaria a prestar unha atención personalizada a máis de 55.000 parados galegos. En concreto, o programa vai dirixido aos demandantes de emprego menores de 30 anos, e a aqueles maiores desa idade que levan máis dun ano no paro sen ter recibido recursos por parte do Servizo Público de Emprego.

A titular do departamento autonómico concretou este programa, que se porá en marcha de "forma inmediata", durante a conferencia que impartiu no foro de "Nueva Economía". Explicou que o obxectivo deste plan é "dar resposta a un dos grandes problemas, o do paro xuvenil, pero que tamén vai acercar o servizo de emprego a todos aqueles que o precisan".

Deste xeito, os beneficiarios serán direccionados a unha cita de orientación laboral, onde se lles realizará unha entrevista "individualizada e en profundidade", co fin de deseñar un "itinerario personalizado de inserción" axeitado ao seu perfil.

En definitiva, cada un dos

parados "terá asignado un promotor de emprego", que seguirá e avaliará a situación do demandante para orientalo cara accións que poidan mellorar a súa empregabilidade. Proba deste seguimento continuo, é que estes demandantes de emprego serán citados a unha nova entrevista cada tres meses.

Ademais deste novo plan, Mato fixo un percorrido polas actuacións que ten posto en marcha o departamento autonómico en materia de políticas activas de emprego, un eido no que lembrou que a Xunta ten só competencias "meramente executivas, posto que as lexislativas están en mans do Goberno central", encargado de deseñalas e de decidir o orzamento que se destina a cada materia.

Con todo, salientou que o Goberno galego "non renuncia ás súas responsabilidades" e por iso aposta por novas medidas dentro do marco das súas competencias. Neste marco, inscribiu a reformulación da formación que vén de facer a Consellería de Traballo, para dotala de maior calidade e vinculala aos certificados de profesionalidade. O obxectivo é que os cursos de formación melloren "realmente" a empregabilidade dos traballadores participantes nestes cursos.

En materia de emprego, a Xunta tamén ten apostado polo emprendemento, pola integración laboral dos colectivos máis vulnerables, pola incorporación da muller a postos de liderado ou pola mellora do Servizo Público de Emprego. E, todo isto, no marco do consenso e do diálogo social entre axentes económicos e sociais, un proceso no que xa se acadaron 15 acordos e hai 9 preacordos pendentes de ser ratificados.

No que se refire ao emprendemento, o departamento autonómico aumentou os seus orzamentos nesta materia nun 34,3 por cento nos últimos dous anos, ata os 32,5 millóns de euros. Isto permitiu incrementar en case 1.000 o número de beneficiarios. Entre outras medidas, púxose en marcha por primeira vez a orde de axudas para a contratación do primeiro traballador, creouse o Rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos, e constituíuse a Mesa do Autónomo.

Ademais, púxose en marcha un plan para optimizar o rendemento do Servizo Público de Emprego, no que se está a investir 7,5 millóns cada ano desde 2009. O obxectivo desta iniciativa é mellorar a capacidade de intermediación deste servizo. Unha das novidades pasa por definir ao máximo o perfil dos demandantes

de emprego e, de feito, "en poucas semanas" estará rematada totalmente a nova clasificación de demandantes, que se realizou a través de entrevistas personalizadas.

No eido da igualdade laboral, estase a desenvolver actualmente o Programa "Executiva", no que participan 200 mulleres con perfil directivo ou aspirante a este. Trátase da primeira vez que funciona en Galicia un programa destas características, que persegue fomentar a presenza de mulleres en postos de decisións, "onde aínda están lonxe de alcanzar o 50 por cento que establece a Lei de Igualdade para o ano 2015".

Política social

Mato referiuse tamén ás actuacións en materia de política social, un ámbito no que insistiu que o departamento aposta "polo emprego como piar da política social". Así, precisou que o departamento autonómico conta cun proxecto que detalla os obxectivos e medidas para responder ás necesidades de cada un dos membros da sociedade: o Plan de Actuación Social. Este documento presta especial atención aos colectivos máis vulnerables: persoas con discapacidade ou con dependencia; infancia e adolescencia; familias; maiores e xuventude. ■

Galicia pechou febreiro cun total de 248.279 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 2.448 parados

Santiago, 2 de marzo de 2011.- Galicia pechou o pasado mes de febreiro cun total de 248.279 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 2.448 persoas con respecto a xaneiro. En termos relativos, este incremento tradúcese nun 1,00 por cento.

Así o explicou hoxe en rolda de prensa a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López. Na súa intervención, a responsable autonómica destacou que, sempre que haxa un aumento do desemprego, trátase de "datos negativos".

No referente ao Estado, sinalou que o crecemento deste mes en Galicia está por debaixo da media estatal, que se sitúa no 1,61 por cento, fronte ao 1% da comunidade

autónoma. Así, en España o desemprego creceu en 68.620 persoas, de xeito que quedou situado nas 4.229.263 persoas.

Xa, no que respecta á situación por comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade onde menos se incrementa o paro en termos relativos.

Ademais, Díaz López apuntou que, a pesar de que os datos deste ano son "malos", son "lixeramente mellores" que os rexistrados nos dous anos anteriores. Así, o ano pasado, en febreiro de 2010, o aumento mensual foi un pouco superior a este mes, ao acadar as 2.543 persoas; e, en 2008, foi de 5.254 persoas; fronte aos 2.448 deste exercicio.

Na evolución interanual, o comportamento de Galicia tamén amosa



unha contención da destrución de emprego, xa que o incremento deste exercicio situouse nas 14.108 persoas (6,02 por cento), fronte ás 27.601 que se rexistraron no mesmo período do ano pasado (febreiro 2009-febreiro 2010). "Isto é, o aumento do desemprego reduciuse case á metade", resumiu a directora xeral, aínda que insistiu en que, segue sendo un incremento, e polo tanto, un dato negativo.

Por provincias, o paro aumentou en todas elas. A maior subida rexistrouse en Pontevedra (1.034 parados), seguida por A Coruña (922), e por Lugo e Ourense, ambas provincias con 246 parados máis.

No que se refire aos sectores, o desemprego incrementouse tamén en todos eles, agás na agricultura

e na pesca, onde descendeu en 99 persoas. Así, o sector servizos foi o que rexistrou un maior aumento en termos absolutos (1.368 persoas), seguido polo colectivo sen emprego anterior (754). A continuación, seguen a construción (304) e a industria (121).

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de febreiro un total de 45.511 contratos, 6.796 menos que no mes anterior. Deste total, 4.565 foron indefinidos (10,03 por cento) e 40.964 temporais (89,97%). Deste xeito, a comunidade autónoma sitúase por riba da media do Estado no que se refire á estabilidade laboral, xa que supera a porcentaxe estatal dos contratos indefinidos, que se sitúa no 9,33 por cento.



As mulleres con discapacidade protagonistas da campaña da Xunta para o 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2011.- A secretaria xeral da Igualdade, Marta González, presentou a campaña institucional para conmemorar o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, que este ano ten como protagonistas ás mulleres con discapacidade e que, baixo o lema *VIVIR A DIFERENZA, GARANTIR A IGUALDADE*, diferencia entre a visualización das diferenzas, pero propugna garantir a igualdade para todas as mulleres.

Na presentación da campaña, no salón de actos da Escola Galega da Administración Pública (EGAP), Marta González estivo acompañada polo director da EGAP, Pablo Figueroa, e pola secretaria xeral de Familia e Benestar Social, Susana López Abella, que presentou os primeiros resultados do estudo Xénero e discapacidade: aproximación á situación das mulleres con discapacidade en Galicia, que se está a realizar entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Secretaría Xeral de Familia e Benestar, para debuxar o perfil xeral das mulleres con discapacidade en Galicia.

A secretaria xeral da Igualdade explicou que a campaña institucional que conmemora o 8 de marzo está protagonizada polas mulleres con discapacidade, “porque o delas é un camiño máis longo que o do resto das mulleres para acadar a igualdade de oportunidades e a garantía dos seus dereitos”. Ademais, está dentro dos compromisos asumidos polo departamento de Igualdade no I Plan de Acción Integral para as persoas con Discapacidade 2010-2013, para avanzar na consecución de maiores cotas de igualdade para a poboación galega con algunha discapacidade.

A secretaria xeral lembrou que as mulleres con discapacidade “afrontan máis desigualdades no disfrute dos seus dereitos como persoas, no seu acceso e permanencia no emprego, na educación, na protección social, no dereito ás relacións afectivas, á maternidade, na propia imaxe que a sociedade e os medios de comunicación reflicten delas”. Un dos obxectivos desta campaña do 8 de marzo, “é visualizar esas diferenzas, pero traballar para promover e garantir a igualdade para todas as mulleres”.



Un total de 200 mulleres comezan o programa de liderado feminino “Executiva”, ao que se presentaron máis de 1.000 persoas

Santiago, 8 de febreiro de 2011.- Un total de 200 mulleres comezaron a súa formación dentro do programa de liderado feminino “Executiva”, que puxo en marcha a Consellería de Traballo e Benestar para promover o acceso das mulleres ás posicións de tomas de decisión dentro de empresas e organizacións.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, abriu este programa formativo financiado a cen por cento por este departamento. Na súa intervención, Mato valorou a “ampla resposta” desta primeira convocatoria, xa que se recibiron preto de 1.000 solicitudes para

participar; isto é, a demanda “foi cinco veces superior ás prazas ofertadas”.

Galicia é unha das comunidades autónomas pioneiras en poñer en marcha esta iniciativa, que está deseñada especificamente “para o fomento e impulso das capacidades directivas e de liderado das traballadoras galegas”.

As 200 mulleres, “as primeiras galegas que poden participar nun programa destas características”, responden a un “perfil directivo, emprendedor, ou ben precisan mellorar a súa carreira profesional”, explicou Mato. En concreto, o 40 por cento das prazas reservouse

a directivas; outro 40 por cento para empresarias, e o 20 por cento restante para mulleres que buscan un cambio de traxectoria, ou ben a súa reinserción laboral.



Galicia rexistrou 36.430 accidentes laborais en 2010, un 7,77 por cento menos que o ano anterior

- ▶ O director xeral de Relacións Laborais e a directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral presentaron o Plan de Actividades para 2011, que foi aprobado pola Comisión de Goberno do ISSGA, integrado por Xunta, CEG e os sindicatos UGT, CCOO e CIG
- ▶ Entre as novidades destaca, ademais, a realización dunha aplicación para que as empresas calculen os custos derivados da sinistralidade laboral co obxectivo de sensibilizalas sobre a rendibilidade de investir en prevención
- ▶ O ISSGA desenvolverá un programa de protección para as mulleres embarazadas e un plan de seguridade viaria laboral
- ▶ Quinzá destacou que a sinistralidade laboral baixou en 2010 nas catro provincias e subliñou que os sinistros mortais descendieron un 12,16 por cento



Santiago, 23 de febreiro de 2011.- Galicia pechou 2010 cun 7,7 por cento menos de accidentes laborais que en 2009. En total rexistráronse na Comunidade autónoma 36.430 sinistros, 3.069 menos que no exercicio anterior. Así o expuxeron hoxe o director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, e a directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, que, ademais de ofrecer estes datos, presentaron o Plan de Actividades do ISSGA para 2011.

Por unha banda, a directora do ISSGA indicou que a sinistralidade descendeu nas catro provincias (A Coruña -8,79%, Pontevedra, -8,15%, Lugo, -7,37% e Ourense, -1,78%) e recalcou que os sinistros mortais baixaron en xeral un 12,16 por cento.

Así mesmo, resaltou que os accidentes 'In Itinere' (os ocorridos durante os desprazamentos ao ir ou volver do traballo) diminuíron nun 4,57 por cento con respecto ao ano anterior.

Por sectores, Quinzá-Torroja subliñou que o maior descenso tivo lugar na construción (-12,49%), seguido da industria (-9,98%) e o sector servizos (-4,95%).

Plan de Actividades para 2011

Con respecto ao Plan de Actividades do ISSGA para 2011 explicou que integra para este ano un total de 72 programas dos que máis de 20 liñas de actuacións son novidosas. O proxecto foi aprobado o pasado mes de xaneiro pola Comisión de Goberno do ISSGA, integrada por representantes da Xunta, a CEG e os sindicatos UGT, CCOO e CIG. "Con esta iniciativa, enmarcada na estratexia plurianual de prevención de riscos laborais, acordada no seno do diálogo social, arranca o Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014", precisou.

As accións que xa se están a desenvolver para este ano xiran en torno a catro eixos principais: a mellora da coordinación entre as administracións competentes en materia de seguridade laboral (Sanidade, Economía e Industria e Educación), e nas competentes por razón do ámbito de actuación (Mar e Medio Rural); o reforzo na investigación das enfermidades profesionais; o aprofundamento no asesoramento técnico ás pequenas e medianas empresas (Pemes) e aos traballadores autónomos; e a ampliación do ámbito da investigación a outras tipoloxías de accidentes laborais e novos segmentos da poboación.

Entre as medidas novidosas destacan unha atención especial aos

riscos ergonómicos e psicosociais, xa que vén de constatare que os sobreesforzos nos accidentes laborais son causa do 25 por cento dos casos, segundo explicou Quinzá-Torroja,

Así, para combater esta tendencia, o ISSGA levará a cabo un estudo das condicións ergonómicas dos traballadores da pesca de baixura e un mapa de riscos ergonómicos de Galicia. Con respecto á primeira actuación, a directora do ISSGA explicou que o estudo analizará os factores de riscos por tipo de embarcación e arte de pesca establecendo unha asociación causal cos datos de sinistralidade. O documento realizarase no marco xeral de colaboración que mantén o ISSGA cos institutos homólogos de País Vasco, Asturias e Cantabria.

Pola súa banda, o mapa de riscos ergonómicos terá como obxectivo analizar as situacións deste tipo de risco laboral na poboación traballadora galega, segundo actividade económica e incluíndo a perspectiva de xénero; identificar as actividades onde se presentan trastornos músculo-esqueléticos, postos de traballo con maior risco e tipos de patoloxías máis frecuentes; e, por último, estimar o número de traballadores expostos, con variables de sexo, idade e antigüidade no posto.

Así mesmo, e dentro deste ámbito de actuación, desenvolverase un plan piloto de avaliación de riscos psicosociais en centros de traballo da

Administración. Ao respecto, a directora do ISSGA apuntou que o 22 por cento dos traballadores europeos sofren estrés e preto do 60 por cento das baixas laborais están relacionadas con esta enfermidade, segundo datos da Axencia Europea de Seguridade e Saúde no Traballo. "O plan piloto realizarase en centros da Xunta once os traballadores poidan estar especialmente expostos polo tipo de actividade, como por exemplo, o ámbito asistencial", matizou.

As tres liñas de actuación forman parte do segundo dos eixos de acción do Plan de Actividades do ISSGA para o ano 2011.

Cálculo na sinistralidade

A novidade máis salientable no terceiro eixo, asesoramento á Pemes e aos autónomos, é o desenvolvemento dunha aplicación para realizar o cálculo de custos derivados da sinistralidade laboral con baixa. "Será un autocalculador ao servizo das empresas que porá de relevo os custos da sinistralidade nunha comparativa cos investimentos necesarios para evitala co fin de contribuír a sensibilizar ao tecido empresarial sobre a rendibilidade de investir en prevención", resaltou Quinzá-Torroja.

No cuarto eixo de actuación, ampliación do ámbito da .../...

.../...

investigación e accidentes laborais-, o ISSGA levará a cabo como novidade análises de sinistralidade laboral por accidentes de tráfico, por forma non traumática (infartos, derrames cerebrais e outras lesións non traumáticas) e segundo a poboación inmigrante, "xa que supón un colectivo maioritario nalgúns sectores de actividade", apostilou.

Outras medidas novidosas serán o desenvolvemento dun programa de protección para as mulleres embarazadas para verificar nos centros de traballo que se prevén as medidas previstas na normativa e a posta en marcha da Escola Galega de Prevención de Riscos Laborais en Pontevedra. Os contidos serán dirixidos fundamentalmente aos rapaces de educación primaria e aos estudantes de ciclos formativos, bacharelato e FP.

Quinzá-Torroja tamén destacou o plan de seguridade viaria laboral que terá como finalidade o asesoramento ás empresas de maior sinistralidade viaria sobre a necesidade de avaliar os riscos asociados aos desprazamentos "pola incidencia actual da sinistralidade de laboral nos accidentes de tráfico", apuntou.

Coordinación coa Fiscalía

Por último, a directora do ISSGA destacou que o Plan de Actividades 2011 incidirá en aspectos levados a cabo o ano pasado como son a prevención de riscos entre máis de 100.000 traballadores e 67.000 autónomos; a coordinación permanente coa Fiscalía para a investigación dos accidentes laborais; e a posta en marcha de campañas sobre prevención de riscos por sílice ou amianto.

Así mesmo, poranse en marcha cursos de formación e xornadas técnicas e seguirase a prestar especial atención ao Observatorio Galego de Condicións de Traballo, creado o ano pasado co obxectivo de mellorar o estudo dos indicadores preventivos de maior relevancia para dispoñer de información de calidade para a toma de decisións.

O ISSGA edita a primeira guía técnica de prevención de riscos laborais no sector da baixura dirixida a 15.000 mariñeiros

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Adela Quinzá-Torroja, presentou hoxe a publicación que promove e fomenta a formación dos axentes implicados na prevención
- ▶ O manual, feito en colaboración co Servizo Mancomunado Mar Seguro de Galicia, estará a disposición dos traballadores nas confrarías
- ▶ A Xunta está a manter encontros cos institutos de seguridade e saúde laborais de Asturias, Cantabria e Euskadi para avanzar no desenvolvemento conxunto de medidas para reducir a sinistralidade no sector pesqueiro

Cambados (Pontevedra), 19 de febreiro de 2011.- A Xunta de Galicia vén de editar a súa primeira guía técnica de prevención de riscos laborais no sector da baixura, dirixida aos traballadores que están organizados dentro das confrarías de pescadores de Galicia. En concreto, está destinada aos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura que aglutina ao redor de 15.000 persoas cunhas características especiais de traballo en Galicia.

A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, presentou hoxe o manual co que se persegue promover e fomentar a formación dos axentes implicados na prevención. A guía foi elaborada en colaboración co Servizo Mancomunado Mar Seguro de Galicia e as confrarías de pescadores.

Quinzá destacou que a guía vai dirixida ás persoas que traballan en embarcacións de pesca local (as que se afastan ata 10 millas máximo), nas de pesca litoral (afástanse ata 60 millas), aos auxiliares de acuicultura (os da carta lista) e aos mariscadores en xeral (tanto aos que realizan o seu labor en barcos como aos que recollen recursos específicos nas praias e rochas).

Para elaborar a publicación, da que se editarán máis de 3.000 exemplares, a directora do ISSGA explicou que se tiveron en conta as peculiaridades dos diferentes ambientes mariños da costa galega, como poden ser o gran número de embarcacións existentes nun espazo reducido, a multitude de artes específicas que existen, os diferentes tipos de embarcacións. e a alta porcentaxe de traballadores autónomos.

A guía estrutúrase en tres bloques. O primeiro fai referencia a cuestións

lexislativas e conceptos xerais da prevención de riscos laborais; o segundo céntrase en expoñer as diferentes artes de pesca de baixura, marisqueo e acuicultura que existen e os riscos asociados a eles así como as súas posibles solucións.

No último apartado da guía expóñense fórmulas para abordar situacións de emerxencias e consellos sobre primeiros auxilios.

A publicación foi elaborada por técnicos de prevención do Servizo Mancomunado Mar Seguro de Galicia e do ISSGA. "Trátase dunha ferramenta completa, sinxela e de fácil comprensión para mellorar a prevención de riscos laborais nestas actividades laborais", apuntou Quinzá.

Os interesados en ter esta guía técnica poderán atopala nas sedes das confrarías de pescadores de Galicia. A iniciativa enmárcase no Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2011-2014 e no Plan de Actuación do ISSGA para

o 2011.

Por último, a directora do ISSGA indicou que esta iniciativa se suma a outras que está a levar a Consellería de Traballo e Benestar en materia de prevención de riscos laborais no sector marítimo. Así, lembrou que na actualidade se están a manter encontros entre os institutos de seguridade e saúde laboral de Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi para avanzar no desenvolvemento conxunto de medidas preventivas que permitan reducir a sinistralidade no sector pesqueiro.

Así mesmo, Adela Quinzá resaltou que están en marcha accións de formación e información dirixidas aos traballadores da baixura e do marisqueo dentro do acordo marco de colaboración que existe entre a Consellería do Mar, o ISSGA e a Federación de Confrarías en materia de prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura.



A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá, presentou a guía técnica de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro da baixura

Mato apela ao consenso das forzas políticas e dos axentes sociais para acadar un plan demográfico

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego na “Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia”
- ▶ Defendeu que deste órgano saia un “compromiso firme e sólido, invariable no tempo e fronte a calquera cambio de goberno”
- ▶ A titular do departamento autonómico lembrou a necesidade de abordar esta problemática de “xeito integral e coordinado”
- ▶ Apostou, entre outras cuestións, pola creación de “máis e mellores servizos” de atención á infancia; e por unhas relacións laborais respectuosas coa vida persoal
- ▶ Mato presentou tamén un estudo encargado pola Xunta que aborda cales son os factores que obstaculizan o aumento da natalidade, os que a favorecen, así como os exemplos das medidas doutros países



Beatriz Mato, na súa comparecencia en comisión

Santiago, 15 de febreiro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apelou ao consenso das forzas políticas, así como dos axentes económicos e sociais, co fin de deseñar un plan de revitalización demográfica de Galicia, que parta dun “compromiso firme e sólido, invariable no tempo e fronte a calquera cambio de goberno”.

Así o manifestou a titular do departamento autonómico, durante a súa comparecencia na “Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia”. Neste sentido, e referíndose a esta comisión, Mato salientou a necesidade de abordar esta problemática de “xeito integral e coordinado” como se está a facer actualmente.

A conselleira reflexionou que non se poden dilatar máis no tempo a toma de medidas para traballar a prol da “urxente revitalización” de Galicia, un labor que “non será obxecto dun único goberno”. Ao respecto, apuntou tamén a importancia de separar este asunto da situación económica actual, en tanto está vinculado á sostibilidade futura do sistema de benestar.

Co fin de avanzar neste eido, a Xunta elaborou un estudo cos obxectivos de determinar cales son os factores que obstaculizan, e os que favorecen, o aumento da natalidade. O documento tamén extrae os exemplos doutros países que

desenvolven medidas de fomento da natalidade, sinalando as que maior resultado teñen dado.

“É evidente que non todos os modelos postos en marcha noutros países poderían ser eficaces en Galicia e en España, polas nosas diferenzas sociais, económicas e culturais, polo que será preciso ter en conta as peculiaridades da nosa comunidade”, concretou Mato, que puxo exemplos de políticas de fomento da natalidade de Francia, Inglaterra, Dinamarca e Suecia.

Toda esta información acompaña de datos estatísticos e dun estudo da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) que recolle que a maioría de mulleres considera como condición necesaria –pero non suficiente– a necesidade dunha estabilidade laboral á hora de ter fillos; e a dispoñibilidade de axuda, sexa familiar, en escolas infantís ou de servizo doméstico, para poder conciliar a vida familiar e laboral.

Medidas

A conselleira puxo sobre a mesa diversas liñas de actuación futura, tendo en conta os estudos previos, así como a análise realizada pola Xunta. En “primeiro lugar”, sinalou que é necesario considerar a infancia como “investimento de futuro” para as súas familias e para toda a poboación.

Ademais, é preciso converter a Galicia “nunha sociedade aberta

para as familias”, isto é, fundamentalmente, incidir en eliminar a percepción de que a maternidade “implica renuncias laborais e profesionais”.

Polo tanto, concluíu Mato, un dos eixos de actuación debe estar na “creación de máis e mellor servizos para atención aos nenos e nenas”, como servizos de escolas infantís adaptados ás necesidades reais dos pais e nais traballadores, que estean próximos aos lugares de traballo. Neste sentido, salientou que o Goberno galego aumentou no que vai de lexislatura en 2.000 as prazas de nenos de 0 a 3 anos, e prevé amplialas este ano en 1.000 máis.

A isto hai que sumarlle medidas fiscais que acompañen o esforzo suplementario que deben facer as familias en termos económicos. Ademais, Mato sinalou que é preciso facer unha análise en “profundidade” da aplicación de incentivos económicos, para que sexan realmente efectivos. Tamén, dixo, “convén afondar na interrelación entre as axudas á familia e as específicas para os fillos”.

Outro eido importante no que convén avanzar é no aseguramento dunhas relacións laborais “respectuosas” cos tempos da vida persoal. Entre outras actuacións, é preciso facer unha “aposta específica para garantir que os períodos de permiso e, no seu caso, excedencia para o coidado de fillos, non poidan supoñer un obstáculo para a carreira profesional dos proxenitores,

especialmente das mulleres”. Hai tamén que promover a flexibilización da xornada laboral.

Tamén neste punto, Mato apostou pola ampliación dos períodos de permiso de maternidade e de paternidade en España, que están entre os máis curtos de Europa.

En resumo, trátase de: actuar no eido dos servizos á infancia e ás familias; de actuar no ámbito laboral –público e privado– para incorporar maior flexibilización nas negociacións colectivas ou nas xornadas laborais; de avanzar nos permisos de maternidade e paternidade; e de afondar nas medidas económicas de apoio.

Actuacións en marcha

Ademais de poñer sobre a mesa liñas de actuacións, Mato fixo tamén balance do feito ata o momento polo Goberno galego neste eido. “Este Goberno iniciou xa unha mellora cuantitativa e cualitativa dos seus recursos para favorecer a natalidade e o benestar das familias”, aseverou.

Con respecto a este tema, recordou o incremento das prazas públicas de escolas infantís (2.000 novas no que vai de lexislatura, e 1.000 máis ao longo de 2011). Ademais, a Xunta aumentou, neste período, en 2.000 as prazas para maiores con dependencia, unha medida que tamén beneficia ao núcleo familiar. A isto hai que engadir-lle as 500 novas prazas dispoñibles para persoas con discapacidade. Mato fixo referencia tamén o incremento de

prazas en comedores escolares e transporte escolar como apoio á conciliación.

Apuntou tamén a recente aprobación da segunda rebaixa selectiva de impostos na adquisición de vivenda, así como á dedución de 300 euros no IRPF para as familias que teñen un menor acollido. No obxectivo de mellorar a situación demográfica, Mato lembrou que Galicia participa no proxecto europeo "DART" (Declive, envellecemento e transformación rexional), no que toma parte xunto a outras rexións afectadas polo cambio demográfico e os seus efectos. Os seus obxectivos son desenvolver unha estratexia integrada que manteña a calidade de vida en áreas en declive; acadar a inclusión social de todas as xeracións; fortalecer a cohesión social entre as rexións; e garantir as boas prácticas identificadas dentro da cooperación interrexional.

Datos demográficos

Na súa intervención, Mato realizou un percorrido tamén polos "indicadores vermellos" en materia de demografía. Destacou, entre outras cifras, que a taxa de fecundidade en Galicia é de 1,1 fillos por cada muller en idade fértil. "Hai 35 anos a taxa era de 2,3". Ademais, esta taxa está tres décimas por debaixo da media española, que xa é "negativa", porque non acada a taxa que garante o relevo xeracional, que está situada en 2,1 fillos por muller en idade fértil.

A Comunidade autónoma galega é tamén a segunda comunidade con menos nacementos por cada mil habitantes, só Asturias ten menos nacementos. Lembrou, tamén, que España vén tendo un saldo vexetativo negativo desde 1987.

Ante todos estes datos, Mato destacou a "relevancia" de acadar un "consenso" dentro dun "espírito construtivo e do diálogo", para poñer en marcha "medidas sostibles no tempo, ao longo dos anos, governe quen governe".

"É de relevancia máxima que todos asumamos a responsabilidade de facer achegas construtivas e positivas para lograr un obxectivo, que é común a todas as forzas políticas e a todos os galegos e as galegas", considerou.

A conselleira rematou adiantando que o departamento autonómico "non escatimará esforzos para que a comisión avance cara estes obxectivos".

Feijóo subliña o compromiso da Xunta de Galicia cos servizos sociais grazas á creación de 2.000 novas prazas públicas en centros de maiores durante os últimos dous anos



- ▶ Lembra que nas últimas semanas abríronse "800 prazas en Vimianzo, en Ourense, en Santiago, en Viveiro, e Monforte"
- ▶ Destaca que, no que vai de lexislatura, se triplicou o número de dependentes atendidos ao pasar de 14.000 a máis de 40.000
- ▶ Agarda que "as administracións públicas cumpran o seu compromiso coa Lei da dependencia e poñan o 50% que lle corresponde", e recorda que a Xunta está a pór o 73% nestes momentos

Monforte de Lemos, 28 de febreiro de 2011.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, resaltou na súa visita á nova residencia de maiores de Monforte de Lemos, o compromiso mantido polo Goberno galego cos servizos sociais dende a súa chegada, posto de manifesto na creación de "2.000 prazas públicas en centros para maiores dende o comezo da lexislatura". "Agora que se cumpren dous anos das últimas eleccións podemos acreditar este dato. Concretamente, nas últimas semanas estamos abrindo 800 prazas públicas en Vimianzo, en Ourense, en Santiago, en Viveiro, e en Monforte", incidiu.

Neste contexto, o titular do Goberno autonómico sinalou que a nova residencia permitirá "triplicar o número de prazas públicas para maiores en Monforte, pasando de 90 a 255", unha "tónica de incremento" que se mantén "en toda a provincia de Lugo, onde nestes momentos hai un aumento do 30% das prazas para residencias de maiores".

Núñez Feijóo salientou que estes datos subliñan

a aposta da Xunta polos servizos sociais, posta de manifesto "tamén na dependencia". "Traspasamos –explicou– a barreira de 40.000 dependentes atendidos con fondos públicos. Este gran esforzo permitiunos pasar de 14.000 hai dous anos, a máis de 40.000 agora".

Neste sentido, o presidente galego amosou o seu desexo de que "as administracións públicas cumpran o seu compromiso coa Lei da dependencia e poñan o 50% que lle corresponde". "A Xunta de Galicia está poñendo o 73% dos custos da Lei da dependencia", salientou.

"Hoxe en día –concluíu Feijóo– hai 620.000 galegos que son susceptibles de ser atendidos no ámbito dos servizos sociais. Polo tanto, unha prioridade de calquera goberno ten que ser esa porcentaxe de poboación, o 22% dos galegos que superan os 65 anos. Vamos a seguir traballando para que os maiores se atopen a gusto, porque non só o merecen senón que teñen dereito a iso".

Xuventude incrementa este ano as prazas do programa de turismo activo 'Roteiros' que chegará a máis de 1.600 mozos

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, explicou que a oferta aumenta nesta edición en preto de 600 prazas con respecto a 2010
- ▶ As instalacións onde terán lugar as actividades tamén se amplían este ano, polo que a iniciativa da Xunta desenvolverase nas catro provincias galegas
- ▶ O plan, dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 35 anos, terá lugar as fins de semana desde o 18 de marzo ata o 19 de xuño
- ▶ Rodeiro explicou que os interesados en anotarse terán que facelo a través dos números de teléfonos indicados en www.xuventude.net
- ▶ A Xunta incrementou este ano nun 43 por cento a oferta de prazas nos programas de turismo activo
- ▶ O prezo, que inclúe pensión completa e a participación nas actividades, será de 60 euros para os posuidores do carné xove

Santiago, 28 de febreiro de 2011.- 'Roteiros para a Xuventude' ofertará este ano un total de 1.621 prazas. O programa da Consellería de Traballo e Benestar que inclúe diferentes actividades de turismo activo aumentou nesta edición a súa oferta en preto 600 prazas dado o éxito acadado en 2010. Así o explicou o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, quen presentou as novidades desta iniciativa.

O programa, dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 35 anos, desenvolverase as fins de semana desde o 18 de marzo ata o 19 de xuño, agás na Semana Santa. Con respecto ao ano anterior, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado non só incrementará o número de prazas, senón tamén as instalacións onde terán lugar as diversas actividades que se ofertan, abarcando, deste xeito, as catro provincias galegas.

'Roteiros para a Xuventude' ofrecerá, segundo a fin de semana escollida e o lugar, itinerarios de cultura mariñeira, rutas de sendeirismo de dificultade media, actividades náuticas e de multiaventura, así como de interpretación do patrimonio natural, arqueolóxico e etnográfico de Galicia.

"O obxectivo é fomentar entre a mocidade o coidado do medio ambiente ao tempo que poidan gozar da paisaxe e da natureza en distintos contornos privilexiados de Galicia", indicou Rodeiro.

Os interesados en participar na iniciativa deberán contactar cos números de teléfonos indicados na web www.xuventude.net. A cota de inscrición será de 60 euros para os posuidores do carné xove e de 80 para o resto. O prezo inclúe pensión

completa ao longo das dúas noites de pernoctación, a participación nas actividades e o seguro. É importante, segundo destacou Rodeiro, que os participantes se informen do material individual que se precisa para cada programa.

Outra das novidades que salientou Rodeiro é que nesta edición se reservarán 432 prazas do total para as Oficinas Municipais de Información Xvenil (OMIX) co obxectivo de que nelas se poidan efectuar as inscricións correspondentes ás tres fins de semana de abril nas que se ofertarán actividades.

Un 43 por cento máis de prazas

O programa está enmarcado nas diferentes accións que está a poñer en marcha a Xunta para fomentar o turismo activo entre a mocidade durante os meses de inverno e primavera: Xuventur neve, Aula xuventur, Invernízate, Noites Saudables e Xuventur en casas de turismo rural.

Ao respecto, o director xeral de Xuventude e Voluntariado destacou que un total de 5.481 mozos e mozas gozarán este ano dun ocio alternativo "asequible e de calidade" durante as fins de semana. "Esta cifra supón aumentar nun 43 por cento a oferta neste tipo de actividades, xa que en 2010 puxemos a disposición da mocidade 3.500 prazas", incidiu.

Ademais, indicou que o incremento na oferta permitirá ter abertas as portas dos albergues públicos fóra da época de verán con programas e actividades de multiaventura.

"Este esforzo da Xunta tamén permitirá ás empresas de ocio

desestacionalizar a súa oferta máis alá dos meses de verán e, polo tanto, os mozos e mozas que traballan como monitores de tempo libre poderán ter unha continuidade nos

seus postos de traballo ao longo do ano", apuntou. Son preto de 550 os monitores que se contratan durante o ano para desenvolver os diferentes programas de turismo activo.



Un total de 4.500 dependentes galegos beneficianse do servizo de teleasistencia, aos que se sumarán 300 persoas máis este ano

A Coruña, 25 de febreiro de 2011.- O servizo de teleasistencia beneficia, actualmente, a 4.500 dependentes galegos que contan con esta atención 365 días ao ano, as 24 horas do día. Ademais, a Xunta

prevé que ao longo deste ano se sumen a esta cifra 300 novos usuarios, de modo que continuará a liña ascendente deste servizo que, a día de hoxe, atende xa a 1.500 maiores máis que en 2008.

A Xunta implanta en Galicia un programa da Obra Social La Caixa para que os maiores transmitan a súa aprendizaxe en novas tecnoloxías

Santiago, 22 de febreiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar e a Obra Social 'la Caixa' vén de asinar un convenio de colaboración para poñer en marcha o proxecto 'gente3.0 de Voluntariado Senior', un plan para fomentar o envellecemento activo que arranca por primeira vez en Galicia e que se estenderá ao resto das comunidades

autónomas. Trátase, en concreto, de que as persoas maiores poidan participar en programas de voluntariado transmitindo os coñecementos que en novas tecnoloxías xa están a adquirir nas Ciberaulas, emprazadas nos centros sociocomunitarios da Comunidade autónoma.

A Xunta porá en marcha este ano 34 cursos específicos de formación para coidadores de persoas con alzheimer e enfermidades mentais

Santiago, 14 de febreiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar vai publicar dous manuais de formación para coidadores non profesionais de persoas con alzheimer e con enfermidades mentais. Ademais, a publicación destes documentos específicos completaranse co desenvolvemento de 34 cursos de formación. Serán

20 accións para coidadores de persoas con alzheimer das que se poderán beneficiar 500 persoas e 14 para o colectivo de coidadores con enfermidades mentais das que poderán participar 350 persoas. Nun e noutro caso os alumnos por curso serán de 25 persoas como máximo.

O colexio La Salle de Santiago gaña a final do Parlamento Xove, unha iniciativa de Xuventude na que participaron máis de 50 mozos e mozas

Santiago, 26 de febreiro de 2011.- O centro educativo La Salle, de Santiago de Compostela, resultou gañador este ano da segunda edición do Parlamento Xove, unha iniciativa que promove a Consellería

de Traballo e Benestar co obxectivo de fomentar o diálogo e a argumentación razoada como ferramenta de consenso entre os mozos e mozas galegos. O outro finalista deste curso foi o IES Laxeiro, de Lalín.

PUBLICACIÓNS FEBREIRO 2011

As publicacións editadas pola consellería no mes de febreiro son as seguintes:

- ▶ BITEB. Febreiro 2011 – nº60
- ▶ Guía para coidados no contorno familiar
- ▶ Rexistro de Contratos Laborais. 2010
- ▶ Tendencias do emprego en Galicia. 2º Trimestre 2010
- ▶ Xuventude 2013. Unha estratexia para a mocidade galega
- ▶ Acción d'Verán'11. Dos 9 aos 17 anos. Campamentos



- Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases que reñen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2011, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 21, do 01.02.2011).
- Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013. (DOG nº 22, do 02.02.2011).
- Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 22, do 02.02.2011).
- Orde do 11 de xaneiro de 2011 pola que se fixa o prezo de venda ao público dunha publicación da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 22, do 02.02.2011).
